



C O N C E L L O  
D E  
S A D A  
(A C O R U Ñ A)

**DECRETO.-**

Asunto: Modificación do prazo de xustificación das subvencións dirixidas ás entidades deportivas para o ano 2018.

1º.- Na publicación realizada no BOP da Coruña número 204 de 25 de outubro de 2018 das bases reguladoras de subvencións ás entidades deportivas para o ano 2018, consta no punto 8.1 un prazo final para a presentación da documentación das axudas.

2º.- O procedemento atópase agora pendente das notificacións de proposta de concesión de axudas.

3º.- Tendo en conta que o prazo de presentación de solicitudes rematou o 16/11/2018 e o de subsanación das mesmas o 19/02/2019, non deu tempo a pechar o proceso no prazo inicialmente estimado nas Bases Reguladoras.

4º.- Resultando que debido ó atraso xerado na tramitación dos expedientes por esta administración foi imposible cumprir cos prazos establecidos na convocatoria, procede a modificación do prazo de xustificación establecido nas citadas Bases e resolvo:

Primeiro: aprobar unha modificación do prazo de presentación da documentación de xustificación das axudas.

Segundo: Fixar como novo prazo o de 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da resolución da comisión de valoración na páxina web do Concello.

Terceiro: Ordenar a súa publicación no taboleiro municipal e na páxina web, así como a notificación individual ós solicitantes , e dar continuidade ao proceso.